

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ás necesidades de persoal no eido da peritaxe recollidas na Memoria da actividade dos tribunais e xulgados de Galicia no ano 2014.

Exposición de motivos

A administración de xustiza galega sofre unha crónica falla de persoal agravada nestes anos de crise e recesión polos recortes dos gobernos do PP ate configurar unhas plantillas con taxas elevadas de persoal interino e eventual.

A Memoria non pode evitar referir as múltiples eivas materiais e humanas que presenta a administración de xustiza galega ao punto de sinalar que,

“(...) en Galicia continúan sin desaparecer certas anomalías que impiden el adecuado funcionamiento del sistema y, en consecuencia, la prestación de un servicio público de calidad.”

A Memoria sinala con clareza no eido da peritaxe:

“Se reitera la exigua dotación de peritos calígrafos y de inmuebles, uno para cada especialidad, que han de desempeñar sus respectivos cometidos desplazándose, casi a diario, por toda la Comunidad, y que gracias al buen hacer y trabajo ímprobo de ambos, evitan que la petición de pruebas en las que deban intervenir se conviertan en una excusa para el retraso del procedimiento. Por lo que se insiste en la necesidad de ampliar el número de plazas.”



O volumen de traballo, que recolle a Memoria, deixa as claras que se require unha ampliación do persoal dos profesionais do peritaxe e do persoal auxiliar.

Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a realizar as xestións oportunas conducentes a aumentar no 2016 a dotación de persoas peritas calígrafas e de inmobles e de persoal auxiliar.

En Compostela, a 26 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 26/11/2015 13:47:39